

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

#### *ANUNCIO PARA A LICITACIÓN DE CONCESIÓN DEMANIAL DE DIVERSOS POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS DE XINZO DE LIMIA*

Anuncio para a licitación de concesión demanial de diversos postos da praza de abastos de Xinzo de Limia

Por medio do presente anuncio invítase aos interesados a presentar solicitudes para a concesión demanial de diversos postos da praza de abastos segundo o establecido na Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas, indicando as condicións de licitación desta concesión demanial, segundo se recolle nos Decretos da Alcaldía do 18/06/2026 recollidos nos seguintes expedientes:

1	Gastronómico. Comida para levar	3666/2026
2	Gastronómico. Taparía	3826/2026
3	Carnicería	3827/2026
4	Carnicería charcutería	3829/2026
5	Gastronómico. Tapería	3830/2026
6	Froita/verdura	3833/2026
8	Peixería	3834/2026
10	Non alimentario	3837/2026
11	Alimentación xeral	3838/2026
12	Alimentación xeral	3839/2026

1. Entidade adxudicadora:

Concello de Xinzo de Limia, R/ Curros Enríquez, 15, Teléfono 988 550 111, Fax 988 559 112.

2. Obxecto da concesión e canon mínimo para aboar

Son obxecto da concesión os postos que a continuación se relacionan, indicando canon mínimo obxecto de mellora nas ofertas:



Nº	Uso preferente	Superficie	Cámara	Taxa	Taxa mensual	Canon apertura a aboar en dous pagos durante os dous primeiros anos de concesión	Fracción de canon a pagar durante o primeiro e o segundo ano da concesión
1	Gastronómico. Comida para levar	49,90M2	Si	5€ x m2	249,50 €	2.994 €	1.497 €
2	Gastronómico. Tapería	35,20M2	Si	5€ x m2	176,00 €	2.112 €	1.061 €
3	Carnicería	18,15M2	Si	5€ x m2	90,75 €	1.089 €	544,5 €
4	Carnicería Charcutería	18,15M2	Si	5€ x m2	90,75 €	1.089 €	544,5 €
5	Gastronómico. Tapería	36,80M2	Si	5€ x m2	184,00 €	2.208 €	1.104 €
6	Froita/Verdura	18,15M2	Si	5€ x m2	90,75 €	1.089 €	544,5 €
8	Peixaría	18,15M2	Si	5€ x m2	90,75 €	1.089 €	544,5 €
10	Non Alimentario	14,00M2	Non	4€ x m2	56,00 €	672 €	336 €
11	Alimentación Xeral	17,70M2	Non	4€ x m2	70,80 €	850 €	425 €
12	Alimentación Xeral	17,70M2	Non	4€ x m2	70,80 €	850 €	425 €

3. Consulta de los pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexerán a licitación: plataforma de contratos do sector público:

<https://contrataciondelestado.es>

4. Procedemento de licitación:

Concurso aberto a calquera interesado, con varios criterios de adxudicación segundo o artigo sete da Ordenanza fiscal número 18 reguladora da taxa polo servizo do mercado de abastos.

5. Prazo de concesión:

10 anos sen posibilidade e prórroga

6. Garantías esixidas:

A Fianza/Garantía definitiva ascende a dúas mensualidades da taxa asignada a cada posto.





## 7. Presentación de ofertas:

Presentaranse no prazo de trinta días hábiles contados dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, podendo ser presentadas no Rexistro do Concello de Xinzo de Limia ou restantes lugares de presentación establecidos nos pregos. No prazo de 30 días hábiles sinalado para a presentación de ofertas poden tamén realizarse alegacións a este expediente.

Documento asinado electronicamente.

A Alcaldía. Asdo.: Amador Díaz Penín.

**R. 1.465**

